



 **Coruña**
meetings & events



Turismo para
o congresista/
A Coruña e a súa área/



A Coruña, coa súa área metropolitana, é o lugar perfecto para combinar traballo e ocio. Ofrece espazos idóneos para realizar congresos, convencións, reunións de negocios e viaxes de incentivos e para pechar a xornada laboral unha ampla axencia de ocio, compras, cultura e gastronomía. Todo, á volta da esquina.

Visitas
recomendadas/



A oferta cultural que ofrece A Coruña e a súa comarca é o complemento idóneo para conseguir unha estancia perfecta: a visita aos Museos Científicos da Coruña ou unha viaxe ao pasado para coñecer algún dos pazos de Abegondo ou Bergondo; a igrexa románica de Cambre, os edificios modernistas en Sada e Oleiros ou a zona histórica de Betanzos constitúen boas opcións para o tempo de ocio. quen prefira algo de deporte pode optar polos campos de golf de Arteixo ou por rutas e paseos para visitar antigos muíños de río ou de marea en Carral ou Culleredo.



Torre de Hércules/ Patrimonio da Humanidade/

Avda. de Navarra, s/n. 15002 A Coruña
Tel.: 981 223 730
www.torredeherculesacoruna.es

Símbolo da Coruña e único faro romano do mundo en funcionamento. Patrimonio da Humanidade.

Prezo: 3 € - Prezo reducido: 1,50 €

Aquarium Finisterrae/ Casa dos Peixes/

Paseo Alcalde Francisco Vázquez, 34
15002 A Coruña
Tel.: 981 189 842
www.casaciencias.org

Escenarios que invitan á fantasía, como o "Paraíso Mariño" onde observar as distintas mareas; ou "A Sala Nautilus" que baixo o nivel do mar, e acompañado de música clásica, desvelarache o mundo submarino.

Prezo: 10 € - Prezo reducido: 4 €

Domus/ Casa do Home/ Cine Imax/

Santa Teresa, 1. 15002 A Coruña
Tel.: 981 189 840
www.casaciencias.org

Para tocar, ulir, sentir... O home visto desde un punto de vista novo e sorprendente. Case 200 módulos interactivos dedicados ao estudo do ser humano onde está "prohibido non tocar".

Prezo: 2 € - Prezo reducido: 1 €
Prezo Imax: 4 € - Prezo reducido: 2 €

Planetario/ Casa das Ciencias/

Parque de Santa Margarita. 15005 A Coruña
Tel.: 981 189 844
www.casaciencias.org

Dedicado á divulgación da ciencia, no seu Planetario descubrirlás os segredos do firmamento e a beleza de estrelas e constelacións.

Prezo 2 € - Prezo reducido: 1 €
Prezo Planetario: 2 € - Prezo reducido: 1 €

Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo Santo Antón/

Paseo do Parrote s/n
15001 A Coruña
Tel.: 981 189 850
www.sananton.org

Antiga fortaleza e prisión, ofrece un percorrido pola prehistoria, a cultura dos castros e a época romana da cidade e dos seus arredores.

Prezo: 2 € - Prezo reducido: 1 €
Gratis: Sábados/

Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa. MACUF/

Avda. de Arteixo, 171. 15007 A Coruña
Tel.: 981 911 476 (Museo)

Unha das máis significativas plataformas de exhibición en Galicia para as últimas tendencias nas artes plásticas. **Gratuito/**

Museo de Arte Sacra da Colexiata/

Porta de Aires, 23. 15001 A Coruña
Tel.: 981 203 186

Magníficas mostras de ourivaría relixiosa dos s. XVI ao XX. **Gratuito/**

Museo de Belas Artes/

Zalaeta, s/n. 15002 A Coruña
Tel.: 981 223 723
www.museobelasartescoruna.xunta.es

Pintura española e europea do S. XVI ao XX, entre as que se encontran obras de Murillo, Sorolla, Rubens, Tintoretto, gravados de Goya e un Picasso.

Prezo: 2,40 € - Prezo reducido: 1,20 €
Gratis: Sábados tarde, Domingos e 18 de Maio/

Museo Militar Rexional/

Pza. Carlos I, s/n. 15001 A Coruña
Tel.: 981 205 300
www.museomilitar.bitacorras.com

Importantes coleccións de armas, uniformes, bandeiras, maquetas e mobiliario. Máis de 1.600 obxectos dos s. XVIII, XIX e XX. **Gratuito/**

Museo dos Reloxos/

Pza. de María Pita, 1. 15001 A Coruña
Tel.: 981 184 200

Maxestosos salóns do Palacio Consistorial que albergan unha interesante colección de reloxos dos séculos XVII ao XX. **Gratuito/**

Museo das Mariñas/

Emilio Romay, s/n. 15300 Betanzos
Tel.: 981 773 693

Pezas arqueolóxicas procedentes da comarca, así como varias seccións dedicadas a etnografía e ao traxe galego.
Prezo: 1,30 € (Entrada Xeral)

Museo Xacemento Romano/

Pza. do Mosteiro, s/n. 15660 Cambre
Tel.: 981 656 217
www.cambre.org

Explicación das ruínas romanas descubertas no lugar e da romanización en Galicia. **Gratuito/**

Museo dos Muíños Andrés Pan Vieiro/

Avda. de Acea da Ma, s/n - O Burgo
15670 Culleredo
Tel.: 981 665 597

Conxunto etnográfico do século XII, formado por muíños movidos polo fluxo das mareas. **Gratuito/**

Museo Os Oleiros/

Pazo de As Torres - Santa Cruz - Liáns
15179 Oleiros
Tel.: 981 610 000

Museo monográfico de olaría. Ofrece unha ampla e rica colección de cerámica popular. Situado no pazo das Torres, en cuxo xardín se pode ver un exemplar de ombú milenario. **Gratuito/**

Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside/

O Castro, s/n. 15168 Sada
Tel.: 981 620 200

Alberga a planta de produción da cerámica de Sargadelos. O Museo reúne obras de artistas galegos como Castelao, Maside, Colmeiro, Lugrís, Seoane, Souto, etc. **Gratuito/**

Museos/



Casas Museo/ Castros/ Fundacións/



Casa Museo Casares Quiroga/

Panaderas, 12. 15002 A Coruña
Tel.: 881 894 120

Ten como finalidade a promoción de iniciativas en recordo de Santiago Casares Quiroga e o republicanismo coruñés e galego, difundindo o seu coñecemento e promovendo actividades relacionadas coa figura do personaxe en cuestión.

Gratuito/

Casa Museo Emilia Pardo Bazán/

Rúa Tabernas, 11. 15001 A Coruña
Tel.: 981 207 308

Antiga vivenda familiar da Condesa, que fai especial fincapé na súa faceta literaria, e que comparte dependencias coa Real Academia Galega. **Gratuito/**

Casa Museo María Pita/

Ferrerías, 28. 15001 A Coruña
Tel.: 981 189 853

Unha muller de coraxe e carácter, unha muller de armas tomar, María Pita, a heroína coruñesa que residiu no nº 28 da rúa Ferrerías, e que valentemente defendeu a cidade contra os ataques ingleses, mostrarlle o escenario real no que se produciu a batalla no século XVI.

Gratuito/

Casa Museo Picasso/

Payo Gómez, 14
15004 A Coruña
Tel.: 981 184 278

Pablo Picasso viviu na Coruña. Aquí, estudou na Escola de Belas Artes, descubriu técnicas de debuxo e pintura, e realizou a súa primeira exposición. No nº 14 da rúa Payo Gómez, o mesmo lugar no que residiu, creábase a atmosfera dunha época que marcou os inicios do artista máis influente do século XX.

Gratuito/

Casa Museo Wenceslao Fernández Flórez/

Apeadeiro, 14 - Cecebre. 15650 Cambre
Tel.: 981 676 052
www.wenceslaofernandezflorez.org/blog

Situado na casa que foi residencia de verán de Fernández Flórez, autor de O Bosque Animado. Exposición permanente de obras e obxectos persoais. Celébranse distintas actividades culturais. **Gratuito/**

Castro de Elviña/

Campus de Elviña. A Coruña
Tel.: 981 189 850
www.sananton.org

Poboado fortificado característico da cultura castrexa do noroeste peninsular. Habitado, probablemente, entre o século II a. C. e II d. C. **Visitas guiadas gratuitas/**

Fundación Luís Seoane/

San Francisco, s/n. 15001 A Coruña
Tel.: 981 216 015
www.luisseoanefund.org

Centro de arte e cultura contemporáneas. Exposición permanente de Luís Seoane e exposicións sobre a arte actual. **Gratuito/**

Fundación Novacaixagalicia/

Cantón Grande, 21-24. 15003 A Coruña
Tel.: 981 185 060
www.fundacioncaixagalicia.org

Un espazo aberto á cidadanía de máis de 7.000 m² dedicado á arte, ao coñecemento e á cultura. **Gratuito/**

Fundación Barrié/

Cantón Grande, 9. 15003 A Coruña
Tel.: 981 221 525
www.fbarrie.org

Entidade sen ánimo de lucro dedicada á cultura, á educación, á investigación e aos servizos sociais. **Gratuito/**

Fundación María José Jove/

Edif. WorkCenter A Grela
Galileo Galilei, 4 A. 15008 A Coruña
Tel.: 981 160 265
www.fundacionmariajosejove.org

Nove salas intercomunicadas que albergan unha exposición permanente de obras galegas, así como nacionais do século XX. **Gratuito/**

Centro Social e Financeiro Novacaixagalicia/

Avda. da Mariña s/n, (esquina rúa Fama)
15001 A Coruña
Tel.: 881 920 160
www.caixanova.es

Edificio moderno e multifuncional, aberto ás iniciativas dos coruñeses, para o desenvolvemento de actividades formativas, socio-culturais, de investigación... **Gratuito/**

CIEC. Centro Internacional de Estampa Contemporánea/

Castro, 2. 15300 Betanzos
Tel.: 981 772 964
www.fundacionciec.com

Obradoiros e colección de arte de estampa realizada con técnicas tradicionais e últimas tecnoloxías. Prezo: 1 € (Entrada Xeral)

A Coruña/

Praza de María Pita. Alberga o Concello. Recibe o nome da heroína que defendeu a cidade do ataque das tropas inglesas da man do corsario Francis Drake. Está rodeada de edificios de galerías.

Abegondo/

O municipio alberga numerosos pazos e edificacións de interese, entre os que destacan o Pazo de Figueroa, na parroquia do mesmo nome, coa súa torre rectangular do século XV e o Pazo de Quiroga ou Torres de San Tirso, na parroquia de Mabegondo.

Betanzos/

Tamén coñecida como Cidade dos Cabaleiros. Conserva unha das zonas vellas máis interesantes de Galicia, declarada Conxunto Histórico Artístico en 1970, no que destacan as igrexas de Santiago, Santa María de Azogue e San Francisco. A cidade conta tamén con importantes obras de arquitectura civil, a maioría vinculadas ao legado dos Irmáns García Naveira que, tras volver como ricos indianos, investiron boa parte da súa fortuna na realización de obras benéficas e filantrópicas.

Bergondo/

Pazo de Mariñán. Construído no século XVIII sobre os restos dunha fortaleza de mediados do século XV. Ten capela, dúas grandes escalinatas con balaustradas, fontes e un amplo xardín no que destaca un parterre de buxo, e especies exóticas de árbores como plátanos de sombra, eucaliptos centenarios, cipreses de Portugal e chopos negros.

Cambre/

Santa María de Cambre. Monumento Nacional e Ben de Interese Cultural. Construída sobre os restos dun antigo mosteiro fundado no século X, do que conserva a actual casa reitoral do século XIX, anexa á igrexa. Considérase unha das xoias da arte románica galega do século XII.

Oleiros/

Edificios singulares como Casa Charry, de estilo modernista e inspiración francesa, Casa do Arxentino ou Rialeda, situánnos a finais do século XIX e principios do XX, cando a zona das Mariñas se converte en destino de vacacións da burguesía, coincidindo co retorno dos adifeirados indianos.

Sada/

A Terraza. Un dos mellores exemplos do modernismo en Galicia. Construída no ano 1912 nos xardíns de Méndez Núñez da Coruña, foi trasladada a Sada nos anos 20 como apeadoiro do antigo tranvía que unía esta vila coa cidade. Actualmente é cafetería e restaurante.



Ascensor panorámico Monte de San Pedro/

Elevador, en forma de esfera acristalada, que percorre 100 m de desnivel do Monte San Pedro. Desde o seu interior divísanse estampas únicas da Torre de Hércules e da Baía Coruñesa.

Horario/

De xuño a setembro (todos os días)/

de 11:30 h a 21:00 h

De outubro a maio/

(de domingo a venres) de 11:30 h a 19:30 h

(sábados) de 11:30 h a 21:30 h

Día de peche/ Luns

Frecuencia/ cada 1/2 h

Prezo/ 3 €

*Unha viaxe de ascenso ou de descenso.

Cúpula Atlántica Monte de San Pedro/

O único miradoiro cuberto de España de 360°. Elementos interactivos, contidos audiovisuais e pantallas táctiles para aprofundar no coñecemento da cidade da Coruña.

Horario/

Martes a domingo de 11:00 h a 20:00 h

Sábados e vísperas de festivo de 11:00 h a 21:00 h

Prezo/ 2 € · Prezo reducido/ 1 €

Visitas de
Interese/
Ascensor
panorámico/

Compras/ Restaurantes e tapas/ Cafés e Pubs/



Compras/

Na Coruña, as marcas de moda ou xoiarías máis exclusivas na Área Obelisco, zona Praza de Lugo -Juana de Vega, Cuatro Caminos ou Zona Juan Flórez. Nestas mesmas zonas tendas de regalo ou decoración e na Cidade Vella un bo número de anticuarios.

As tendas delicatessen, mercados e tendas tradicionais na cidade e comarca ofertan os mellores produtos da gastronomía local.



Centros Comerciais/

El Corte Inglés/
www.elcorteingles.es
Cuatro Caminos Centros Comercial/
www.4caminos.com
Dolce Vita/
www.dolcevitaacoruna.com
Espacio Coruña/
www.espaciocoruna.es
Los Cantones Village/
www.loscantonesvillage.es
Marineda City/
www.marinedacity.com
Coruña The Style Outlet/ Culleredo
www.thestyleoutlets.com

Restaurantes e tapas/

Acudir á Coruña por traballo é un pretexto perfecto para saborear a gastronomía. A calidade das nosas materias primas pódese degustar en calquera dos restaurantes da cidade ou da comarca, deixándose aconsellar segundo as súas especialidades, dos máis exclusivos aos máis populares ou dos máis modernos aos máis tradicionais. Poden coñecer na comarca 2 restaurantes con Estrela Michelin: Alborada na Coruña e A Estación en Cambre. Outra forma de coñecer a nosa cociña é seguindo as rutas de tapas tradicionais polas rúas dos viños ou nas novas viñotecas.

A Coruña/
María Pita e as "rúas dos viños": Olmos, Estrela, Franja e Barrera. Praza de España e Rúa San Juan, Praza de Lugo, Praza de Vigo e Praza de Galicia
Matogrande
Los Rosales

Abegondo/
San Marcos

Arteixo/
Centro urbano

Betanzos/
Venelas do Campo (rúas adxacentes a Pza. Irmáns García Naveira)
Rúa Fonte de Unta, Rúa Alfolí, Pza. de Fernán Pérez de Andrade

Culleredo/
Vilaboia
A Corveira – Fonteculler
O Burgo

Oleiros/
Santa Cristina
Santa Cruz
Mera

Sada/
Zona urbana: Avda. do Porto, Rúa da Praia, Linares Rivas e arredores

Cafés e Pubs/

A Coruña/
Praza M^a Pita, Panaderas, Cidade Vella, Matogrande, Orzán...

Arteixo/
Centro urbano

Betanzos/
Soportais Pza. Irmáns García Naveira
Rúa do Rollo, Rúa Rosalía de Castro, Rúa Alcalde Beccaría, Rúa da Fonte de Unta, Rúa da Cañota...

Cambre/
Barrio do Temple
Centro de Cambre

Carral/
Centro de Carral

Culleredo/
A Corveira – Fonteculler
O Burgo

Oleiros/
Santa Cristina
Santa Cruz
Mera

Sada/
Zona urbana: Avda. do Porto, Rúa da Praia, Travesía Obra, Delicias, Sadadarea...



Oficinas de turismo/

www.turismocoruna.com

Oficina de Turismo Praza de María Pita

Praza de M^a Pita, 6. 15001 A Coruña
Tel.: 981 923 093
infompita@coruna.es

Oficina de Turismo Torre de Hércules

Avda. de Navarra, s/n (zona aparcadoiro Torre)
15002 A Coruña
Tel.: 981 184 200
torredehercules@coruna.es

Oficina de Turismo da Xunta

Dársena da Mariña, s/n. 15001 A Coruña
Tel.: 981 221 822
Fax: 981 221 822

oficina.turismo.coruna@xunta.es
www.turgalicia.es

Información Turística de Abegondo

www.abegondo.es

Información Turística de Arteixo

Casa do Concello
Tel.: 981 600 009
www.arteixotatlantico.com

Oficina de Turismo de Bergondo

Ctra. Coruña - Ferrol, 12. 15165 Bergondo
www.bergondo.es

Oficina de Turismo de Betanzos

Pza. de Galicia, 1. 15300 Betanzos
Tel.: 981 776 666
Fax: 981 776 529
turismo@betanzos.dicoruna.es
www.betanzos.es

Información Turística de Cambre

Tel.: 981 656 217
www.cambre.org

Información Turística de Carral

www.concellocarral.org

Información Turística Culleredo

www.culleredo.org

Oficina de Información Turística de Oleiros

Avda. das Américas, s/n. 15172 Sta. Cristina
Tel.: 981 904 052 / 981 610 000
turismo@oleiros.org
www.oleiros.org

Oficina de Información Turística de Sada

Avda. da Mariña, s/n. Sada
Tel.: 981 620 075 Ext. 283
oficinadeturismo@concellodesada.com
www.concellodesada.com

Transporte aéreo/

Aeroporto de Alvedro - Culleredo

A 8 km da Coruña.
Tel.: 981 187 200
www.aena.es

Aeroporto de Lavacolla - Santiago

A 65 km da Coruña.
Tel.: 981 547 500
www.aena.es

Transporte por ferrocarril/

Tel.: 902 240 202
www.renfe.es

Buses urbanos Compañía de Tranvías/

Tel.: 981 250 100
www.tranviascoruna.com

Estación de Autobuses/

Tel.: 981 184 335
www.coruna.es

Guindastre Municipal/

Tel.: 981 298 095



Taxis/

A Coruña/ Radio Taxi

Tel.: 981 243 377
981 243 333
Tel.: 981 287 777
Tel.: 981 673 526

Tele Taxi (24h)

Abegondo/ Arteixo/ Arteixo

Tel.: 981 600 536
Tel.: 981 600 535
Tel.: 981 601 864
Tel.: 981 644 007
Tel.: 981 269 983

Vilarródís

Sol e Mar

Pastoriza

Meicende

Bergondo/ Guisamo

Tel.: 981 795 522

Betanzos/ Auto Taxi

Tel.: 981 771 557
Tel.: 981 774 990

Radio Taxi

Cambre/ Cambre

Tel.: 981 674 075
Tel.: 981 660 920
Tel.: 981 670 257

O Temple

Carral/ Culleredo/ O Burgo

Tel.: 981 660 281
Tel.: 981 660 282
Tel.: 981 665 184

Vilaboa

Fonteculler

Oleiros/ Radio Taxi

Tel.: 981 243 333
Tel.: 981 620 710
981 624 777

Sada/ Sada/



Teléfonos de interese/


URXENCIAS/

Ambulancias

061

Teléfono de Urxencias
S.O.S Galicia

112



Turismo da Coruña/

Edificio Sol
Calle Sol, s/n. 15003 A Coruña
Galicia - España
Tel.: 981 184 344
Fax: 981 184 345
infoturismo@coruna.es

Consortio As Mariñas/

Lugar de Bos. Naves O Carballal, 4
15640 Guisamo - Bergondo
Galicia - España
Tel.: 981 784 704

www.turismocoruna.com www.consortioam.org



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL

"Una manera de hacer Europa"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



XUNTA
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



TURISMO DA
CORUNA

Área Metropolitana A Coruña
Plan dinamización
producto turístico

